



BASES DO CONCURSO SOBRE BANDA DESEÑADA DO CULTURGAL 2018

1. ORGANIZACIÓN E OBXECTO DA PROMOCIÓN

A Asociación PuntoGal organiza un concurso sobre banda deseñada co gallo da Feira das Industrias Culturais, Culturgal, onde as e os visitantes poderán participar seguindo as presentes bases.

O obxecto do concurso é construír un diálogo en base ás ilustracións realizadas para a ocasión por Kiko da Silva, autor de banda deseñada e director da escola *O Garaxe Hermético*.

A mencionada escola colabora tamén, xunto con Gadis e PuntoGal para facilitar os premios do concurso.

2. FORMA DE PARTICIPACIÓN E MECÁNICA DO CERTAME

As e os participantes deben acudir ao stand 63 da Asociación PuntoGal para recoller unha copia da viñeta e preparar un diálogo, que deben escribir nos bocadiños en branco que aparecen nela. A viñeta tamén estará dispoñible na web de PuntoGal (www.asociacion.gal), e no mostrador de entrada do Culturgal. Ademais, deben cubrirse os datos de contacto que figuran na parte final da páxina, a efectos de identificación e contacto cas e cos participantes.

A páxina debe entregarse no stand debidamente identificada ou ser enviada por correo electrónico a info@dominio.gal. A data límite de entrega son as 19:00 horas do día 2 de decembro.

As viñetas recibidas sen identificación ou con identificación incompleta quedarán automaticamente eliminadas do concurso. A organización non se responsabiliza das viñetas non entregadas personalmente no stand.

O texto da viñeta debe estar necesariamente en galego e escrito con claridade para que poida ser lexible por parte do xurado. Aquelas viñetas que non cumpran ambas condicións quedarán excluídas do concurso.

As e os participantes menores de idade deberán incluír os datos das súas nais, pais ou titores legais para poder participar no concurso, que deberán asinar na folla de participación.



3. DURACIÓN

O concurso terá lugar durante os tres días da Feira de Industrias Culturais, entre o 30 de novembro ao 2 de decembro do 2018 no Pazo da Cultura de Pontevedra. A hora límite para entregar as viñetas son as 19:00 horas do domingo, día 2 de decembro.

Modificación: PuntoGal decidiu ampliar o prazo de entrega dos orixinais do concurso ata as 23:59 horas do día 10 de decembro para facilitar a participación das persoas interesadas. A entrega neste prazo ampliado só se poderá realizar por correo electrónico, cos datos convenientemente cubertos, no enderezo info@dominio.gal

4. SORTEO E PREMIOS

Establécense dous premios xerais e un especial para menores de idade.

O pimeiro premio do concurso será unha tablet 3go GT10 2IPS , unha caixa de experiencia *La Vida es Bella* e o seguinte lote de publicacións: *O inferno do debuxante*, *Que contan as ovellas para durmir*, *Cando Martiño tivo ganas de mexar na Noite de Reis* e *Moncho e mancha*. Igualmente, recibirá merchadising de Gadis e PuntoGal e un dominio .gal por un ano.

O segundo premio será unha caixa de experiencia *La Vida es Bella* e un lote de libros de alumnos da escola *O Garaxe Hermético*, merchadising de Gadis e PuntoGal e un dominio .gal por un ano.

Establécese un primeiro premio para menores de idade, que consiste nun lector de libros Kindle e un lote de libros de literatura infantil e xuvenil.

Independentemente deste último premio, as e os menores de idade poderán obter o primeiro ou segundo premio, se así o determina o xurado.

Ademais, entre o resto dos participantes que cumpriran as presentes bases sortearase outra tablet 3go GT10 2IPS

O sorteo realizarase nos quince días posteriores á finalización do concurso. O sorteo gravarase en vídeo, que tamén se compartirá na web. PuntoGal comunicará de maneira pública o nome da ou do gañador e se porá en contacto con ela ou el. En caso de ser un menor de idade, a comunicación realizarase coa nai, pai ou titor legal.

A organización resérvase o dereito a cambiar o premio da promoción por outro de igual ou superior valor cando concorra causa xustificada.



En ningún caso se poderá substituír o premio polo seu valor económico nin poderá cederse a outra persoa distinta da gañadora.

Os modelos e as características concretas dos dispositivos que forman parte dos distintos premios poden consultarse na web www.asociacion.gal.

A organización resérvase o dereito a declarar o premio deserto se así o estimase. A decisión do xurado é inapelable.

A participación no concurso implica a aceptación das presentes bases.

As viñetas gañadoras publicaranse tamén en formato electrónico na páxina web de PuntoGal.

5. XURADO

O xurado para elixir os mellores diálogos estará composto polo autor da viñeta, Kiko da Silva, outro mestre de O Garaxe Hermético e por dous representantes de PuntoGal.

A decisión do xurado darase a coñecer nun prazo de quince días dende a finalización do concurso. PuntoGal comunicará de maneira pública o nome das ou dos gañador e se poñerá en contacto con elas ou eles. En caso de ser menores de idade, a comunicación realizarase coa nai, pai ou titor legal.

A decisión do xurado é inapelable.

6. PUBLICACIÓN

A organización do certame publicará a viñeta ganadora nas súas páxinas webs e nas redes sociais. Igualmente, poderá publicar unha selección ou a totalidade das viñetas recibidas co obxectivo de amosar o traballo creativo dos participantes, se así o considera oportuno.

7. TRATAMENTO DE DATOS PERSOAIS

Os datos recollidos trataranse de conformidade 15/1999, de 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal (“LOPD”) e o Real Decreto 1720/2007, de 21 de decembro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da LOPD, e serán propiedade da Asociación PuntoGal, non cedéndose ou comunicándose a terceiros e tan só con efectos de participar no concurso e/ou recibir os premios derivados do concurso.



Os autores e autoras poderán exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, oposición e cancelación mediante escrito ao correo electrónico info@dominio.gal ou á Dirección Xeral PuntoGal, apartado de correos 55, 15.780 - Santiago de Compostela.

PuntoGal comprométese a tratar en todo momento os seus datos de carácter persoal de forma absolutamente confidencial e de acordo coas finalidades previstas nas presentes bases.